


UniversidadeVigo



Facultade  
de Historia



## Grao en Xeografía e Historia

Facultade de Historia do Campus de Ourense

UniversidadeVigo

## Descripción do Grao en Xeografía e Historia

Para obter o título é necesario cursar 240 créditos ECTS. Durante os tres primeiros cursos, as materias son de 6 créditos e obligatorias. En cuarto curso se elixen as optativas (6 materias de 6 créditos) e se realizan as Prácticas e o Traballo de Fin de Grao (TFG), ambas materias obligatorias e de 12 créditos.

### Estrutura

1º DE GRAO	
1º Cuatrimestre	2º Cuatrimestre
Fundamentos da xeografía física	Fundamentos de Xeografía Humana
Introducción a Etnoloxía	Introducción á Historiografía
Linguaxes e Técnicas Artísticas	Arte Clásico
Inglés para Humanidades	Teoría e Método da Arqueoloxía
Historia de América Precolombina e Colonial	Prehistoria Universal

3º DE GRAO	
1º Cuatrimestre	2º Cuatrimestre
Historia antiga da península Ibérica	Historia contemporánea de España
Historia da arte moderna	Historia da arte contemporánea
Historia medieval da Península Ibérica	Historia moderna de España
Prehistoria da península Ibérica	Mundo actual
Xeografía aplicada: territorio e paisaxe	Sistemas de representación xeográfica

2º DE GRAO	
1º Cuatrimestre	2º Cuatrimestre
Espazos e sociedades	Metodoloxía da historia
Fontes de información en humanidades	Historia moderna universal
Historia antiga universal	Historia contemporánea universal J
Historia medieval universal	Historia da arte medieval
Paleografía	Arqueoloxía aplicada

4º DE GRAO	
1º Cuatrimestre	2º Cuatrimestre
Diplomática e arquívistica	Historia contemporánea de Galicia (op.)
Historia de América contemporánea	Historia moderna de Galicia (op.)
Historia antiga do noroeste da península (op.)	Mentalidade, identidade e cambio social (op.)
Historia da arte de Galicia (op.)	Prehistoria do noroeste da península Ibérica (op.)
Historia das relixións (op.)	Prácticas Externas (op.)
Historia medieval de Galicia (op.)	Traballo de Fin de Grao (op.)
Xeografía de Galicia (op.)	

### Prácticas externas

As prácticas externas curriculares están orientadas a completar e reforzar as competencias asociadas ao título. Realizaranse nun entorno laboral e profesional real relacionado con algún ámbito da historia, da xeografía ou da historia da arte, baixo a supervisión dun tutor na entidade colaboradora e un tutor académico na Facultade. Estas desenvolveranse en 4º de Grao. Non obstante, pódense pedir e realizar xa en 3º de Grao e solicitar no vindeiro curso a validación.

## **Traballo de Fin de Grao**

O Traballo de Fin de Grao ten como obxectivo a posta en práctica dos coñecementos e competencias adquiridos durante o período da súa formación académica. Trátase dun traballo relacionado con algúns dos múltiples ámbitos da Historia, da Xeografía ou da Historia da Arte, sempre baixo a supervisión dun titor académico. O Traballo de Fin de Grao presentarase mediante unha memoria escrita e será defendido oralmente ante un tribunal nomeado a tal efecto. É un requisito obligatorio para a súa presentación ter superadas todas as materias.

## **Visitas de estudos**

Ó longo do curso organízanse diversas saídas de estudos para o alumnado. Estas poden ser durante o curso en visitas dun só día, ou ben viaxes más longas.

Destacan entre todas elas as “Viaxes de Estudos Arqueolóxicos” realizadas cada ano en torno a semana de Entroido. Estas están organizadas convxuntamente polo profesor de arqueoloxía, Fermín Pérez Losada, e a Delegación de Alumnos da Facultade, e consisten en viaxes autoxestionadas a países relevantes dende o punto de vista histórico, con especial interese nos vestixios arqueolóxicos.

## **Mobilidade**

As Universidades coas que a Facultade de Historia ten convenios son:

- Université de Franche-Comté, Besançon, Francia.
- Université de Bretagne- Sud, Lorient, Francia.
- Université de Pau et des Pays d l'Adour, Pau, Francia.
- Università degli Studi di Catania, Catania, Italia.
- Universidà degli Studi di Cagliari, Cagliari, Cerdeña, Italia
- Universitá degli studi de Roma Tre, Roma, Italia''
- Jan Kochanowski University of Humanities and Sciences,Kielce, Polonia.
- Uniwersytet Lodzki, Lodz, Polonia.
- Universidade de Lisboa, Lisboa, Portugal.
- Universidade do Minho, Braga, Portugal.
- Univerzita Jana Evangelisty Purkyne v Usti nad Ladem, Ustnad Ladem, República Checa.
- Gazi Üniversitesi, Ankara, Turquía.
- Suleyman Demirel University, Cazaquistán, Turquía.
- Kırklareli University, Kırklareli, Turquía.

## **Contactos de interese**

- Páxina web: <http://historia.uvigo.es/>
- Facebook: [www.facebook.com/facultadehistoriaourense](https://www.facebook.com/facultadehistoriaourense)
- Blog: <http://historiaourense.blogspot.com.es>
- Conserxería: 988 38 71 01 / FAX: 988 38 71 59
- Secretaría de alumnado: 988 38 71 04 / 988 38 71 96
- Secretaría do Decanato: 988 38 72 00
- Edificio Administrativo: 988 38 71 02